

# CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS DO CORPO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O SINDICATO DE EMPREGADOS PÚBLICOS DE GALICIA

Santiago de Compostela, .... de marzo de 2020

## COMPARECEN

Dunha parte, Manuel A. Jiménez Vicente, presidente da Asociación Sindical de Veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia (en diante ASVEF) con CIF G27212141, e domicilio social en Pontevedra, actuando no seu nome e representación, en virtude das facultades que lle confire o artigo 4.5 dos seus Estatutos.

Doutra parte, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Gemma Soto Pérez, presidenta do Sindicato de Empregados Públicos de Galicia (en diante SEPGA), con NIF 32753737N, e domicilio social en calle Echegaray número 10, 2<sup>o</sup> esquerda. 36002 Pontevedra, actuando no seu nome e representación, en virtude das facultades que lle confire o artigo 25 dos seus Estatutos.

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que ASVEF é unha asociación profesional creada ao abeiro da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto de liberdade sindical, integrada por persoal funcionario, interino o laboral da Xunta de Galicia ao que se exixira ser Licenciado en Veterinaria para poder ostentar dita condición, que voluntariamente o solicite e cumpra cos requisitos establecidos nos seus Estatutos.

**SEGUNDO.-** Que SEPGA é unha organización sindical ao abeiro do previsto na Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical e no Real Decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais

**TERCEIRO.-** Que sen ánimo de exhaustividade, ambas as dúas entidades manifestan a súa preocupación común polas seguintes cuestións:

- a) A defensa e fomento da dignidade profesional, dos dereitos e intereses profesionais, económicos e sociais dos membros funcionarios da asociación sindical de veterinarios da Xunta de Galicia.
- b) A representación e/ou defensa dos dereitos e intereses profesionais dos seus membros ante as Administracións Públicas, Tribunais, Institucións, Entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten a tales dereitos e intereses profesionais.
- c) A colaboración coa Administración da Xunta de Galicia e, de ser o caso, coas demais administracións e entidades do sector público, na elaboración da normativa e na xestión administrativa que afecte ás seguintes materias: exercicio da función directiva, pre-directiva e técnica superior; organización e modernización administrativa; xerencia e xestión pública; e mellora dos servizos públicos.
- d) O fomento dunha formación profesional axeitada á natureza das funcións do Corpo de veterinarios, tanto por parte doutras entidades e institucións, coma mediante a organización de accións formativas e publicacións propias ou en colaboración con outros.
- e) A promoción da solidariedade e a relación entre os seus asociados e afiliados, mediante a oportuna información e fomento da comunicación entre estes.

**CUARTO.-** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto deste Convenio é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre ASVEF e SEPGA para a posta en común de recursos humanos, técnicos e económicos co fin de contribuír á consecución dos seus obxectivos.

### **SEGUNDA.- ACTUACIÓNS**

As partes asinantes acordan levar a cabo as seguintes actuacións:

1. ASVEF e SEPGA comprométese de modo conxunto a:

- a) Dar prioridade aos afiliados/asociados da outra organización en todas as actividades formativas que realicen nas que queden prazas vacantes logo da petición dos seus asociados/afiliados.
- b) Colaborar coa outra organización na realización de traballos, informes, e todo tipo de actividades de carácter xurídico que se atopen dentro do seu respectivo ámbito de funcións.
- c) Difundir entre os seus afiliados/asociados e na súa páxina web as actividades que desempeñe/promova cada organización e que teñan interese para o desempeño profesional destes.
- d) Organizar conxuntamente todo tipo de actividades de interese común para ambas organizacións.
- e) Posibilitar que os seus aos afiliados/asociados integrantes da xunta directiva dalgunha das dúas organizacións, forme parte simultaneamente da xunta directiva da outra.

2. ASVEF comprométese a:

- a) Aportar medios persoais para asuntos dos que SEPGA precise de axuda e que tamén redunden en interese de ASVEF.

3. SEPGA comprométese a:

- a) Servir de interlocutor perante a Administración daquelas reivindicacións que sexan de interese para ASVEF e que por carecer de representación sindical, non estea lexitimada para interpoñer directamente.

### **TERCEIRA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte de ASVEF, as persoas que ocupan a Presidencia e a Secretaría da Asociación, ou persoas en quen deleguen; e por parte de SEPGA as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría do sindicato, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión Mixta:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avalar as accións derivadas deste convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 4.- Con carácter supletorio as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.

A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

#### **CUARTA.- PERTENZA A AMBAS ORGANIZACIÓNS**

Co obxecto de fortalecer os lazos entre ambas organizacións e favorecer que os membros de cada unha delas poida formar parte simultaneamente da outra, as partes acordan establecer unha redución no pago de cada unha das cotas nun 50% a aqueles que acrediten a súa pertenza a ambas.

Desagréganse as seguintes posibilidades para dar cumprimento a este extremo:

1. Persoas que no momento de entrada en vigor do convenio xa se atopan dadas de alta en ambas organizacións:

Estas persoas comunicarán por correo electrónico (info@asvfeff.gal e sindicato-sepaga@xunta.gal) a calquera das dúas organizacións a súa pertenza a ambas, sen prexuízo de que as organizacións crucen as súas bases de datos.

Neste suposto, ambas aplicarán a cota reducida no momento de pasarlle a cota domiciliada.

2. Persoas que estando afiliadas/asociadas nunha das organizacións, soliciten o seu ingreso na outra antes de que se teña producido o pago da cota en ningunha delas:

Estas persoas comunicarán á súa organización o seu compromiso de darse de alta na outra.

En paralelo cubrirán a solicitude de adhesión á segunda marcando a opción de cota bonificada por pertenza á outra asociación/sindicato.

Neste suposto, a organización que reciba a notificación do seu socio/afiliado, dará traslado desta á outra, e ambas aplicarán a cota reducida no momento de pasarlle a cota domiciliada.

3. Persoas que estando afiliadas/asociadas nunha das organizacións, soliciten o seu ingreso na outra despois de que se teña producido o pago da cota nunha delas:

Estas persoas cubrirán a solicitude de adhesión á segunda marcando a opción de cota bonificada por pertenza á outra asociación/sindicato.

Neste suposto, a organización que reciba a solicitude de adhesión, comunicarllo á outra para certificar a súa pertenza á primeira, para poder aplicarlle a cota reducida.

Nese primeiro ano, unicamente verán bonificada a súa cota na segunda das organizacións, sen prexuízo de que en sucesivos anos serán bonificados en ambas.

4. Persoas que non están afiliadas/asociadas en ningunha das organizacións e soliciten o seu ingreso nas dúas simultaneamente:

No primeiro ano, estas persoas cubrirán os formularios de adhesión marcando a opción de cota bonificada por pertenza á outra asociación/sindicato e deberán realizar cadansúa transferencia da cota bonificada a pagar.

En sucesivos anos aplicaráselle a cota reducida no momento de pasarlle a cota domiciliada.

As persoas xubiladas poderán seguir pertencendo a ambas organizacións sen necesidade de abonar cota.

Para os efectos da debida coordinación, as partes do convenio cruzarán os datos de persoas asociadas/afiliadas trimestralmente, con estrito respecto ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

De igual modo adaptarán os seus documentos de asociación/afiliación, introducindo unha cela na que marcar a opción de beneficiario de cota bonificada por pertenza á outra organización e, de non dispoñer deste, engadirán un apartado coa información LOPD e o consentimento da persoa interesada para a cesión de datos

Co obxecto de facilitar e unificar o momento do pago, ambas organizacións pasarán a cota domiciliada no primeiro trimestre de cada ano.

No suposto de que se incumpra un dos pagamentos, requirirase á persoa afectada para que complete este segundo pagamento, con apercibimento de que no prazo de 15 días deberá ou ben realizar o segundo pagamento, ou ben completar o pago realizado ata completar o total da cota ordinaria. No caso de que non se produza isto, cada organización, de ser o caso, poderá iniciar o procedemento estatutariamente previsto para dar de baixa á persoa afectada.

#### **QUINTA.- FINANCIACIÓN**

A subscrición deste Convenio marco non comporta obrigas económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades estipularase a contribución económica que, dentro das súas dispoñibilidades, cada organización poida achegar. Así mesmo, xestionarán conxuntamente a captación de recursos doutras entidades.

#### **SEXTA.- INEXISTENCIA DE PERSOAL LABORAL**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e calquera das partes.

#### **SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciálo en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

#### **OITAVA.- PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL**

Toda a información revelada aos efectos deste Convenio será propiedade exclusiva da Parte que a orixinou. Ningunha licencia ou similar poderá ser considerada derivada do intercambio de información dunha parte a outra. Igualmente, ningunha parte utilizará a Información da outra no seu propio beneficio.

Os bens achegados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade.

#### **NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS**

Este convenio ten natureza privada e rexerase polo Código Civil e demais normativa de Dereito Privado que resulte de aplicación.

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste Convenio.

#### **DÉCIMA.- CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, as informacións pertencentes á outra parte ás que poida ter acceso no desenvolvemento deste Convenio.

Neste sentido, a parte receptora da citada Información manteráa en confidencialidade e estrito segredo, e evitará revelala a calquera, fora daquelas persoas autorizadas pola Comisión Mixta de Seguimento e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste Convenio. En calquera caso, cada Parte deberá, previamente, conseguir das citadas persoas autorizadas un compromiso co fin de manter o segredo e exercer todos os esforzos razoables para reforzar tal compromiso.

#### **UNDÉCIMA.- VIXENCIA**

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2023, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

**Pola Asociación Sindical de Veterinarios  
Funcionarios de Galicia  
O Presidente**

**Polo Sindicato de Empregados  
Públicos de Galicia  
A Presidenta**

**Manuel A. Jiménez Vicente**

**Gemma Soto Pérez**